

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA PARA A AMPLIACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO DE ATENCIÓN DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL E AS SÚAS FAMILIAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Dano Cerebral de Compostela un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dos gastos derivados da execución das obras que permitirán ampliar os espazos para a atención de persoas e familias con dano cerebral, mediante a construción e/ou adecuación arquitectónica orientados á prestación de servizos de atención terapéutica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e cuidados de larga duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de cuidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto "Renovación o construción de centros residenciais, no residenciais y de día para adaptar plazas al nuevo modelo de cuidados de larga duración, - Subproyecto del Objetivo 323 de la Comunidad Autónoma de Galicia".

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e



Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que que a Asociación Dano Cerebral de Compostela é a única entidade social especializada na atención ao Dano Cerebral Adquirido, que da cobertura ás persoas residentes nas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Persoas con Discapacidade
Begoña Abeijón Fernández

